

2015 XANEIRO / XUÑO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

TEATRO PRINCIPAL / SALÓN TEATRO / ZONA C

TEATRO 2015
GALEGO
*e portuguê*s

COMPOSTELA
capital cultural

SELECCIÓN NATURAL

de **Lola Correa**

Teatro do Noroeste
Santiago de Compostela

Tranvía Teatro
Zaragoza

Lina | **Luma Gómez**
Rut | **Cristina Yáñez**

Eduardo Alonso *dirección e iluminación*
Silvia de Marta *escenografía e vestuario*
Miguel Ángel Remiro *diseño son e música*
Ana Brunet *caracterización e maquillaxe*
Fernando Vallejo *producción*

📍 | **Teatro Principal**

📅 | **mércores 7 xaneiro** 20.30
xoves 8 xaneiro 20.30

teatro / comedia
español 90'

TEATRO DO NOROESTE Galicia y TRANVÍA TEATRO (Compañía titular del Teatro de la Estación) Aragón

SELEcción
NATURAL

de lola correa





Lina e Rut son dúas irmáns que tomaron camiños moi diversos. Odiáronse sempre e buscaron o xeito de desfacerse a unha da outra. Pero a vida volve xuntalas... Unha, cómplice das corruptelas do seu home, busca refuxio na casa da outra con escuros e teimados intereses... Desátase unha trama de intriga, persecucións, maletíns e bolsas de cartos, mafiosos personaxes e cadáveres... *Selección natural* é una comedia disparatada e trepidante, un divertido enredo, un delirante espello deformado que ri, con distancia crítica e profiláctica, da nosa realidade máis inmediata.



10 euros
BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)
35 euros (5 obras a escoller)
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)
entradas.abanca.com / 902434443

DIÁLOGO DO CAN CO SEU AMO

SOBRE A NECESIDADE DE MORDERLLE AOS AMIGOS

de **Jean Marie Piemme**

Teatro do Morcego
Narón

O amo | **Celso Parada**

O can | **Mundo Villalustre**

Celso Parada *dirección e versión galega*

Tera de Saracho *tradución*

Teatro do Morcego *escenografía*

Pablo Costas *deseño son*

David Deive *iluminación*

Isabel Ávila *vestiario*



Salón Teatro



venres 16 xaneiro 20.30

sábado 17 xaneiro 20.30

domingo 18 xaneiro 18.00

teatro / comedia
galego 75'

Teatro do Morcego
presenta:

Diálogo do Can co seu Amo

"sobre a necesidade de morderlle aos amigos"

de Jean Marie
Piemme

Tradución Tera de Saracho
Adaptación Celso Parada

FOTO Andrés Otero

Con:



Celso Parada

Mundo Villalustre

Compañía residente no Concello de Narón





Un sen teito, porteiro dun hotel de luxo, atópase cun can de rúa ao que lle gusta interromper o tránsito e provocar accidentes. Estes dous inadaptados, un xeneroso e outro cínico, van iniciar un diálogo sobre o estado do mundo... Unha sátira de Teatro do Morcego (unha das compañías máis veteranas do teatro galego, con 25 anos de historia) contra a estupidez e o egoísmo.



10 euros

5 euros (*domingo, día do espectador*)

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (*5 obras a escoller*)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

ANNE SULLIVAN E HELEN KELLER (A LOITA POLA INCLUSIÓN SOCIAL)

baseado en *The story of my life* de *Helen Keller*

CIA Internacional de Teatro de Repertório Arte Livre
Galicia/Brasil

Anne Sullivan | **Roberto Cordovani**

Arthur Keller | **Bruno Portela**

Kate Keller | **Rosana Cordovani**

Helen Keller | **Juliana Soares**

James Keller | **Roi Emmett**

Roberto Cordovani

dirección, documentación e adaptación teatral

Bruno Portela

decorados virtuais e banda sonora



Teatro Principal



martes 20 xaneiro 20.30

mércores 21 xaneiro 20.30

teatro / drama
galego/portugués 80'





A historia de Helen Keller e da súa preceptora Anne Sullivan é a dunha relación de complicidade entre dúas mulleres que sofren de deficiencias físicas (xordeira e cegueira) e combaten as dificultades de integración na sociedade norteamericana. Helen Keller perdeu a vista e o oído aos 19 meses de idade e aos 7 anos comezou a gañar a súa autonomía coa chegada da súa profesora, tamén cega. Xornalista, filósofa e activista política, Helen Keller é, á par de Anne Sullivan, sinónimo da loita pola inclusión social e a dignidade humana.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

O AMOR DOS INFELIZES

de **Valter Hugo Mãe**

Teatro Bruto

Porto

Margarida Gonçalves

Ana Luena

dirección

Peixe

música orixinal

Rui Monteiro

iluminación


Luis Puto

producción

📍 | **Salón Teatro**

📅 | **xoves 22 xaneiro** 20.30

teatro de autor / drama / contemporáneo
portugués 45'





O amor dos infelizes constrúese a partir dunha adaptación escénica do segundo capítulo do romance *O filho de mil homens* de Valter Hugo Mãe. Margarida Gonçalves incorpora aquí a figura dunha anana, explorando territorios, entre a personaxe e o seu narrador, onde é espectadora de si mesma e dos acontecementos da historia que narra... A historia dunha muller de apenas oitenta centímetros de altura, chea de dores, que vivía á sombra da piedade dos habitantes dunha pequena vila do interior que a vían como unha nena que nunca medrou.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (día da representación,
2 horas antes da función)

KASSA

de **María Torres e Gonçalo Guerreiro**

Elefante Elegante Culleredo

Pai / Antidisturbios | **Fredi Muíño**

Filla / Notario / Antidisturbios | **Marta Alonso Tejada**

Nai / Antidisturbios | **María Torres**

Notario / Criada / Tenista / Xogador de golf / Empresario /

Banqueiro / Antidisturbios | **Gonçalo Guerreiro**

Xardiñeiro / Criada / Antidisturbios | **Javier Pérez Piñón**

María Torres e Gonçalo Guerreiro dirección

Carolo Losada Soto escenografía

Javier Pérez Piñón carpintería e tramoia

Dani Pais iluminación e videocreación

Fredi Muíño dirección de movemento

Ánxela Blanco coreografía

Marcia Edleditsch vestuario

Susana Castro deseño de interior

Iria Pinheiro produción

📍 | **Salón Teatro** 🗓️

venres 30 xaneiro 20.30

sábado 31 xaneiro 20.30

domingo 1 febreiro 18.00

teatro xestual

espectáculo sen palabras
con breves textos en galego 75'





Autora, Dramaturga e Dirección: Maria Torres e Gonçalo Gaemiro
Intérpretes: Alfredo Miano, Gonçalo Gaemiro, Maria Torres, Marta Alonso Tejada e Javier Pérez Pinón
Escenografía: Carolo Losada Soto **Carpintería e Escenismo:** Javier Pérez Pinón **Deseño de Iluminación, Video-Cámara e Deseño Gráfico:** Dani Paiz
Dirección de Movemento: Fredi Miano **Coreografía:** Azeita Blanco **Video-grafía:** Marcia Faldutich **Deseño de xunto:** Saraiva Cortiz **Producción:** Ina Peña
Música: Mano Panfosteiro, Música de Núf, Siro Aloriso, Ina Peixeiro, Jacima Oña, Manuel Azev, Carlos Siqueira, Kibitka, Dani Paiz e Gonçalo Gaemiro

Kassa é un espectáculo de teatro visual que se desenvolve ao redor dos principios da escultura. A estrutura escenográfica, os actores, os bailaríns e as videoproxeccións constitúen un organismo vivo en constante movemento e transformación... Técnicas como o *video-mapping*, a capacidade de xiro da estrutura escenográfica e o uso do *live cinema* dotan ao espectáculo dun dinamismo moi estimulante. *Kassa* reflicte a temática da vivenda: no inicio da acción a sociedade é sedutora, próspera e optimista, pero un día esgótanse os recursos económicos colectivos e a familia deixa de poder pagar as prestacións do seu soño.



10 euros / 5 euros (domingo, día do espectador)

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

BOBAS & GALEGAS

MOFA E BEFA NO SÉCULO DE OURO

de **Quico Cadaval**

baseado en textos do **Século de Ouro**

Produccións Teatrais Excéntricas

Santiago de Compostela

Evaristo Calvo

Víctor Mosqueira

Quico Cadaval *director*

Baltasar Patiño *espazo escénico*

Fernando Reyes *dirección musical*

Cloti Vaello *vestiario*

Jesús Aladrén *mestre de verso*



Teatro Principal



mércores 4 febreiro 20.30

xoves 5 febreiro 20.30

venres 6 febreiro 20.30

sábado 7 febreiro 20.30

teatro / comedia
galego / español 90'



* en coprodución co
**Festival Internacional de
Teatro Clásico de Almagro**



Mofa&Befa son dous comediantes de investigación que xa levantaron escandalosos casos de corrupción política, marxinación social, trauma infantil, crise económica, torturas, actividades mafiosas, minorías, infidelidades, dieta equilibrada... Temas de candente actualidade que expoñen ao xuízo do público en espectáculos de aspecto teatral. Agora a súa vítima é o inocente teatro do Século de Ouro castelán. As comedias da honra e o amor, os dramas relixiosos, o luxo festivo das buxigangas... todo é pasado pola pedra de Mofa&Befa. Tal vez por isto foi a obra seleccionada para abrir o Festival de Almagro 2014 no Corral de Comedias. Ou non...



10 euros / 8 euros (anfiteatro)

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

FALÁNDOLLE A UN ESPELLO

de **Diego Freire**

Produccións Dispersas

Santiago de Compostela

Diego Freire

José Campanari *director*

Daniel Díaz *escenografía*

Ramón Feáns (Chiri) *música orixinal*

David Castro *deseño iluminación*

 | **Zona C (Bonaval)**

 | **mercores 4 febreiro** 20.30

xoves 5 febreiro 20.30

venres 6 febreiro 20.30

sábado 7 febreiro 20.30

domingo 8 febreiro 19.30

teatro / comedia dramática
galego 60'



FALÁNDOLLE A UN ESPELLO

TEXTO E INTERPRETACIÓN DIEGO FREIRE • DIRECCIÓN JOSÉ CAMPANARI
ESCENOGRAFÍA DANIEL DÍAZ • DESEÑO DE ILUMINACIÓN DAVID CASTRO
MÚSICA ORIXINAL RAMÓN FEANS (CHIRI) • FOTOGRAFÍA SUE RAINBOW



Un home descobre que é o único sobrevivente da fin do mundo. O planeta enteiro está á súa disposición! Un novo mundo só para el! Cheo de oportunidades e retos! O seu único compañeiro é un espello non demasiado conversador. Inevitablemente as ausencias comezan a evidenciarse moi pronto e as vellas rutinas vanse substituíndo por outras novas. Que pode facer? A onde pode ir?



8 euros / 6 euros (mércores día do espectador)
BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)
35 euros (5 obras a escoller)
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)
Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

UM PICASSO

de *Jeffrey Hatcher*

CTB - Companhia de Teatro de Braga
Braga

Fraulein Fischer | **Solange Sá**
Pablo Picasso | **Rui Madeira**

Eduardo Tolentino de Araújo *dirección e escenografía*

Brian Head *tradución*

Manuela Bronze *vestiario*

Pedro Pinto *espazo sonoro*

Frederico Bustorff Madeira *vídeo*

António Simón *iluminación*

📍 | **Salón Teatro**

📅 | **mércores 11 febreiro** 20.30

teatro / drama
portugués 60'

Um Picasso

Companhia de Teatro de Braga CTB





París ocupada polos alemáns. A Gestapo quere unha obra de Picasso para unha exposición. O pintor é conducido a un búnker, onde coñece a unha atractiva loura, unha axente cuxa misión é obter a autentificación do autor de polo menos un dos autorretratos de Picasso...



10 euros
BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)
35 euros (5 obras a escoller)
entradas.abanca.com / 902434443
T. Principal
(18.00-21.00 h, de martes a sábado)
Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

FRAGMENTOS DO DESTERRO

de *nenoesкуро*

nenoesкуро

interpretación, son e videocreación

 | **Zona C** (Bonaval)

 | **xoves 12 febreiro** 20.30

venres 13 febreiro 20.30

performance sonoro-visual
concerto performático 50'



Fragmentos do desterro
nenoesкуро



Fragmentos do desterro é un canto desde o bordo, un camiñar incerto no territorio limiar onde o humano se dilúe nesa presenza impersoal, sen nome, que habita o mundo. Músico, artista sonoro e videocreador, nenoescuro investiga no lado sombra do son, na suspensión da conciencia ordinaria a través de abismos perceptivos, integrando sons primarios, instrumentación analóxica e síntese electrónica nunha sonoridade de estraña raíz e difícil localización que se entrelaza con atmosferas visuais conformando un ámbito intermedial de exploración entre o lírico e o narrativo.



8 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h)

estrea absoluta

CRÉDITO

de **Jordi Galcerán**

Eme2 Producións

Santiago de Compostela

Director | **Antonio Durán “Morris”**

Antón | **Pedro Alonso**

Fernando Bernúes *director*

Xocas López e **Sandra Romarís** *tradución e asesoría lingüística*

Anxo Graña *espazo sonoro*

Xabier Lozano *iluminación*

Mari Seoane *vestiario*

Julio Perugorría *producción*



Teatro Principal



mércoles 18 febreiro 20.30

xoves 19 febreiro 20.30

venres 20 febreiro 20.30

sábado 21 febreiro 20.30

domingo 22 febreiro 20.00

teatro / comedia
galego 80'





No noso civilizado mundo, cando necesitas cartos vas ao banco e pides un crédito. Se non cho conceden volves para a casa, coa cabeza gacha, pensando que as cousas están moi mal, que os tempos cambiaron, que o crédito non flúe... *O crédito* estreouse en Barcelona e xa leva oito meses continuados en cartel recibindo unhas fantásticas críticas e cheos nas súas funcións. Á versión en castelán que tamén está recollendo o mesmo éxito, segue a adaptación ao galego que terá a súa estrea absoluta en Compostela co protagonismo de Morris e Pedro Alonso.



16 euros / 10 euros (*anfiteatro*)
oferta lanzamento: **12 euros** (*ata o 24 xaneiro*)
BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)
35 euros* (*5 obras a escoller*)
*suplemento bono: 5 euros
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)
entradas.abanca.com / 902434443

SUPERMARKET

de *Esther F. Carrodegus*

ButacaZero

Vigo

Esther F. Carrodegus

Xavier Castiñeira

director

Esther F. Carrodegus

dramaturxia



Zona C (Bonaval)



xoves 19 febreiro 20.30

venres 20 febreiro 20.30

sábado 21 febreiro 20.30

domingo 22 febrero 19.30

stand up poetry
galego 60'

Butaca **070** presenta:

upermarket

Un espectáculo delicioso

Esther F. Carrodegus

baixo a dirección de Xavier Castiñeira



OFERTA zona "C"
4,99



Por que brillan tanto as mazás?
Que ten dentro o colacao? É mellor
limpar con lixivia ou con disiclín? E
sobre todo... van os expresidentes
do Goberno ao supermercado?
Supermarket ofrece ao espectador
59,99 minutos de auténtico e orixinal
“stand up poetry” para partirse
de risa. Esther F. Carrodegua
comeza xogando ás tendiñas con
cartos que son pedras para entrar
máis tarde nun hipermercado
e construír historias dentro dos
iogures que deixarán o público
cun doce sabor de boca. Poesía,
bailes, erotismo, adiviñas e mesmo
un superconcurso completan este
espectáculo absolutamente delicioso.



4,99 euros*

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

* non incluída no bono

estrea absoluta

1

WHO IS INSIDE DE CAMERA?

de **Roi F.F.**

Iam1

Santiago de Compostela

Roi F.F.

interpretación, dirección, iluminación e espazo sonoro

Carlos Neira

asesoría artística



Zona C (Bonaval)



mércores 25 febreiro 20.30

xoves 26 febreiro 20.30

venres 27 febreiro 20.30

teatro / contemporáneo
galego / inglés 55'

I am 1

presenta

1



Who is inside the camera?

Unha peza de Roi F.F.

www.iam1.es



1, 2, 3. Si? Hello Santiago.
I am 1. Vouche contar a miña historia –teño que facelo perfecto–. Son un estándar singular, bastardo entre a norma e a excepción. Ben, síntoo. Non era así. I'm so sorry. –Entro en bucle. Teño que ser eu mesmo–. Son unha icona única, ideal coma un algoritmo, exacto coma unha máquina. Gústame que me mires. Perdón, quen está dentro da cámara? Think positive. Be yourself. Feel the energy. Come on girls! Are you ready for love?! Moitas grazas.



8 euros / 6 euros (*mércres día do espectador*)
BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)
35 euros (*5 obras a escoller*)
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)
Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

O PRINCIPIO DE ARQUÍMEDES*

de **Josep María Miró i Coromina**

Teatro do Atlántico

Culleredo / A Coruña

Ana | **María Barcala**

Xurxo | **Toni Salgado**

Heitor | **Alberto Rolán**

Daive | **Marcos Vieitez**

Xúlio Lago *director*

Afonso Becerra de Becerreá *tradución*

Baltasar Patiño *escenografía*

Susa Porto *vestiario*

Anxo Graña *música / espazo sonoro*

Baltasar Patiño e Xúlio Lago *iluminación*

Diego Rey *axudante dirección*



Teatro Principal



venres 27 febreiro 20.30

sábado 28 febreiro 20.30

teatro / drama
galego 90'

INCIPIO DE ARQUÍMEDES

de Josep Maria Miró i Coromina

Premio Born de Teatro 2011



María Barcala / Toni Salgado / Alberto Rolán / Marcos Vieitez
Tradución: Afonso Becerra / Escenografía: Baltasar Patiño / Música: Anxo Graña

Dirección: **Xúlio Lago**

XXX TEMPORADA
TEATRO DO ATLÁNTICO



* Premio Born de Teatro 2011



Os pais duns alumnos de clases de natación infantil preséntanlle queixas á directora do centro sobre o inadecuado comportamento dun monitor que abrazou e bicou un cativo coa intención de tranquilizalo do susto provocado por ter que prescindir do “salvavidas”... O conflito non deixa de medrar... O autor Josep María Miró di que “vivimos nunha sociedade que vende medo e seguridade ao mesmo tempo”... unha mestura diabólica que toma vida na nova produción dunha compañía galega que cumpre 30 anos de historia, Teatro do Atlántico.



10 euros
BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)
35 euros (5 obras a escoller)
entradas.abanca.com / 902434443
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

PSICÓPATA

de **Antón Coucheiro** / **Manuel Cortés**

Antón Coucheiro

Santiago de Compostela

Germán | **Antón Coucheiro**

Túlio | **Túlio Flavio**

Manuel Cortés

director

📍 | **Zona C (Bonaval)**

📅 | **miércoles 4 marzo** 20.30

xoves 5 marzo 20.30

venres 6 marzo 20.30

sábado 7 marzo 20.30

domingo 8 marzo 19.30

teatro / comedia negra
galego 60'





Germán Serra é un verdadeiro monstro. Coñecido coma o “artista do cúter”, deixou un regueiro de asasinatos e pezas de arte con cadáveres que o fixeron famoso. Despois de dez anos en cadea, accedeu a realizar unha serie de *performances* organizadas por Institucións Penitenciarias para reducir a súa condena. Leva unha década sen matar, pero hoxe pode ser diferente... Suspense, interacción co público, vídeos, cancións, humor gráfico, gore, playmobils, dj, provocación, efectos especiais, un pouco de terror e, sobre todo, humor negro...



8 euros / 6 euros (*mércres día do espectador*)
BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)
35 euros (*5 obras a escoller*)
T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)
Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

estrea absoluta

XARDÍN SUSPENSO

de **Abel Neves**

Centro Dramático Galego
Galicia

reparto por determinar

Cándido Pazó *director*

Carlos Alonso *escenografía e vestuario*

Afonso Castro *iluminación*



Salón Teatro



sábado 14 marzo 20.30

domingo 15 marzo 18.00

venres 20 marzo 20.30

sábado 21 marzo 20.30

domingo 22 marzo 18.00

venres 27 marzo 20.30

sábado 28 marzo 20.30

domingo 29 marzo 18.00

teatro / drama

galego duración por determinar





Unha historia de amor. Un amor non correspondido ao que se entrega Lucía, unha arquitecta nova que investiu todas as enerxías na construción dun depurado xardín sen plantas. Ao mesmo tempo, é unha navalla certaíra (de cociña) dirixida ao corazón das verdades que adoitamos dar por adquiridas e das aparencias que non ousamos deixar de vestir cada vez que saímos de casa. Abel Neves axita as relacións familiares e o micro-cosmos no que se sostén a nosa (in)felicidade. E confróntanos co poder das palabras simples, palabras que xorden case sen nos decatarse e que á mínima fenda poden converterse en coitelos letais.



10 euros / 5 euros (*domingo, día do espectador*)

BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)

35 euros (*5 obras a escoller*)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (*días de representación,
2 horas antes da función*)

O MANDARIM

de *Eça de Queiroz*

Companhia de Teatro de Almada

Almada, Portugal

Teodoro | **João Farraia**

*Madame Marques / Prostituta espanhola / Prostituta francesa /
Esposa do Primeiro-Secretário / Chinesa* | **Maria Frade**

Cabrita | **André Alves**

Tenente Couceiro / Camilloff / Chinês | **Celestino Silva**

Diabo / Conciência / Meriskoff / Padre Giulio | **Pedro Walter**

Bancário / Caixeiro / Empregado / Sáto | **André Alves**

Cândida / Ganerala | **Catarina Campos Costa**

Teresa Gafeira *dirección*

Pedro Proença e **Teresa Gafeira** *dramaturxia*

Ana Paula Rocha *escenografía e vestuario*

Pedro Proença *proxeccións*

José Carlos Nascimento *iluminación*

📍 | **Salón Teatro**

📅 | **xoves 9 abril 20.30**

teatro / drama
portugués 75'

O mandarim

Companhia de Teatro da Almada





Despois de ter abrazado o positivismo e a estética realista, un dos grandes novelistas da literatura portuguesa, Eça de Queiroz, deixase seducir pola fantasía a partir de *O mandarim* (1880). Teodoro, o protagonista, será unha noite interpelado por un vello libro: “No máis recóndito de China existe un mandarín máis rico que todos os reis que a fábula e a historia contan”. Tentado polas ambicións que hai moito alimentaba, Teodoro porá fin á vida de Ti Chin-Fu. Pero a agardada felicidade tarda en chegar xa que o amanuense vive atormentado, ás veces pola conciencia, outras polo fantasma do morto. Unha viaxe por Oriente semella ser a única solución.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

entradas.abanca.com /902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (día de representación,
2 horas antes da función)

ARQUITECTURA DA EMOCIÓN

de **Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle,
Gena Baamonde, Angelica Lidell, Borges,
Sonya Lyubomirsky, Antonio Damasio, Flora Davis**

A Artística

Vigo

Olga Cameselle
Alfredo Rodríguez

Gena Baamonde
dirección
Cristóbal Arteaga
audiovisual

📍 | **Zona C (Bonaval)**

📅 | **venres 10 abril 20.30**

teatro / contemporáneo
galego 60'





Tres pezas, tres propostas, tres estruturas escénicas, que enchen un espazo, en tres días consecutivos, para deixar unha pegada nova. Enfrontadas ante outra relación posible e aberta co espectador-público. *Arquitectura da emoción* (a primeira peza) é unha invitación a reflexionar sobre os sentimentos: Onde nacen? Como é a súa expresión e o seu almacenamento? Arquivamos os sentimentos no espazo propio e proxectámoslos no espazo habitado.



8 euros

bono 3 espectáculos de compañía A Artística

(Arquitectura da emoción, Illas Atlánticas

e Verde a tempo completo): 18 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h, domingo a partir das 18.30 h)

ILLAS ATLÁNTICAS

de **Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez**

A Artística

Vigo

Olga Cameselle

Alfredo Rodríguez

Olga Cameselle / Alfredo Rodríguez

dirección

La Canalla

vestiario

📍 | **Zona C (Bonaval)**

📅 | **sábado 11 abril 20.30**

teatro / contemporáneo
galego 60'





Tres pezas, tres propostas, tres estruturas escénicas, que enchen un espazo, en tres días consecutivos, para deixar unha pegada nova. Enfrontadas ante outra relación posible e aberta co espectador-público.

Illas Atlánticas (a segunda peza) é unha viaxe íntima como pesquisa sobre a situación propia nun hoxe calquera e a busca do espazo onde reside a máis vella sensualidade. Esta viaxe aséntase sobre un solo monologado e outro solo de danza.



8 euros

bono 3 espectáculos de compañía A Artística
(*Arquitectura da emoción, Illas Atlánticas*
e *Verde a tempo completo*): **18 euros**

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)
35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

VERDE A TEMPO COMPLETO

A Artística
Vigo

Olga Cameselle

Alfredo Rodríguez / Gena Baamonde

dirección

La Canalla (Patricia Soto / Francisco Soto)

vestiario

📍 | **Zona C (Bonaval)**

📅 | **domingo 12 abril 19.30**

danza contemporánea
galego 60'



A artística



Tres pezas, tres propostas, tres estruturas escénicas, que enchen un espazo, en tres días consecutivos, para deixar unha pegada nova. Enfrontadas ante outra relación posible e aberta co espectador-público. *Verde a tempo completo* (a terceira peza) pregúntase sobre a relación entre a espectáculo e o público, a sacralización da mensaxe e a ritualización do espectáculo como mercadoría dentro dun contexto arquitectónico que determina esa relación entre o obxecto artístico e o ollo que o ve.



8 euros

bono 3 espectáculos de compañía A Artística

(Arquitectura da emoción, Illas Atlánticas

e Verde a tempo completo): 18 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h, domingo a partir das 18.30 h)

PANGEIA

de **Fran Nuñez e Barbara Aguiar**

Limiar Teatro *Vigo*

Acaso Danza *Recife, Brasil*

Barbara Aguiar

Coco Castro

Ana Catarina Maia

Fran Nuñez

Karol Nurza

Manuel Polo

Hugo Rodríguez

Fran Nuñez e Barbara Aguiar

dirección e dramaturxia

Jose Carlos Illanes

dirección musical e xestual, axudante

dirección e composición musical

Nuria Gullón

dirección vocal

Fernando Oliveira

asistente coreografía

Coco Castro

ambiente sonoro

Coco Castro e Fran Nuñez

espazo e iluminación

teatro / danza / contemporáneo
galego/portugués 70' ("un pan e medio")



PANGEIA



Salón Teatro



mércoles 15 abril 20.30

xoves 16 abril 20.30

venres 17 abril 20.30

sábado 18 abril 20.30

domingo 19 abril 18.00



A *Pangeia* é a historia da terra, a historia da humanidade, a nosa propia historia. *Pangeia* é separarse para volver a encontrarse, noutro lugar, doutro xeito, noutro tempo... como as placas tectónicas na deriva continental. No inicio estaban xuntas e na fin xuntas van ficar. *A Pangeia* é crise, movemento, mudanza. É inicio, é fin... O teatro, a danza, a música, as artes plásticas, a cociña, o local, o global, a tradición, o futuro... iso é *Pangeia*.



10 euros / 5 euros (domingo, día do espectador)

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

c'est la vie

de **Matrioshka Teatro**

Matrioshka Teatro
Santiago de Compostela

Anabell | **Anabell Gago**
Lorena | **Lorena Conde**
Chelo | **Chelo do Rejo**

Marta Pazos
dirección, dramaturxia
Uxía P. Vaello
vestiario e coreografía
Javier Quintana
iluminación e son
Maraña
escenografía e atrezzo

📍 | **Teatro Principal**

📅 | **xoves 16 abril** 20.30

teatro / contemporáneo
galego 60'



matrioshka teatro



Actrices: Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rêjo Dirección e dramaturxía: Marta Pazos
Teatro: Matrioshka Teatro Diseño de vestuario e coreografía: Unia Pereira Vaello Xentes: Clari Vaello
Escenografía e Atrezzo: Marafía Maquillaxe e Perroquearía: Trixi F. Silva Iluminación e Son: Javier Quintana
Fotografía: Inés Salvado Diseño: Marafía Produción: Matrioshka Teatro Distribución: Culturactiva



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

reserva especial de entradas para a/os micromecenax da xira
máis información en

<http://matrioshkateatro.wix.com/matrioshka>

Unha reflexión intensa e caleidoscópica sobre o tempo e os seus rastros. Matrioshka Teatro tende aquí fíos entre a sorpresa de recoñecerse nese segundo que nos cambia a vida e a excitación de comprender que as horas se aceleran proporcionalmente á velocidade do corazón. Ensamblada peza a peza coma un delicado mecanismo de relojería, mimada ata o máis mínimo detalle para lograr que o espectador se erga da butaca sentíndose tocado por unha brisa fresca e evocadora. *C'est la vie* é vida condensada...

estrea absoluta

IN MEMORIAM

O Retrete de Dorian Gray

Santiago de Compostela

Ezra Moreno

Marcos PTT Carballido

XRON *director*

O Retrete de Dorian Gray *creación, manipulación, escenografía e son*

Fidel Vázquez *iluminación*

Belem Brandido *producción*



Zona C (Bonaval)



mércoles 22 abril 20.30

xoves 23 abril 20.30

venres 24 abril 20.30

sábado 25 abril 20.30

domingo 26 abril 19.30

teatro de obxectos

espectáculo sen palabras 50'

Fn memoriam

O Retrete de Dorian Gray





Coñeza a Percival. Ou o que queda del. Un feixe de recordos, un fato de fotos. Vexa unha serie de calamitosos esforzos para deixar de non ser, para frear o inevitable paso do tempo. En fin, todos os ingredientes dunha boa comedia. O Retrete de Dorian Gray estrea a súa nova peza de longa duración, un espectáculo en dúas dimensións. Aprópianse das imaxes de persoas que viviron hai máis de cen anos para darlles una nova vida coas mans. Fotos animadas, bailadas, vivindo momentos que nunca viviron e facendo cousas que nunca se atreveron a facer, ou quizais si?



8 euros / 6 euros (*mércores día do espectador*)

BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)

35 euros (*5 obras a escoller*)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Zona C (o día do espectáculo a partir das 19.30 h,
domingo a partir das 18.30 h)

GANAS DE OUVEAR

sobre textos poéticos de
Alfonso Pexegueiro e Narcís Comadira

Teatre Nacional de Catalunya
Centro Dramático Galego
CatroCadeiras
Cataluña/Galicia

Salgado | **Dani Salgado**
Giralt | **Joan Giralt**

Dani Salgado *director*
Dani Salgado e Joan Giralt *dramaturxia*
Montse Piñeiro e Laura Romero
imaxe escénica, iluminación, vestuario, audiovisual e ilustracións

📍 | **Salón Teatro**

📅 | **xoves 23 abril** 20.30
venres 24 abril 20.30
sábado 25 abril 20.30
domingo 26 abril 18.00

teatro / comedia
galego (con partes en catalán) 90'





A habilidade para ser competente nunha disciplina seica é a mesma que permite ser consciente desa competencia. Ou dito dun modo simple: “Quen sabe facer, saber recoñecer”. E así como parece ser certa esta afirmación, tamén semella acertada a súa oposta: “Quen non sabe facer, non sabe recoñecer”. Canto máis incompetente sexa unha persoa, menos capaz será de recoñecer en que se equivoca. Isto leva a pensar que quen non sabe escribir poesía, por exemplo, non ten capacidade para recoñecer as calidades dun bo poema. Agora ben, pode unha persoa incapaz de valorar a arte poética reverter a súa incapacidade? Se é posible, cal é o modo? Aprendendo a crear poesía?



10 euros / 5 euros (*domingo, día do espectador*)

BONO TEATRO GALEGO (*e Portugués*)

35 euros (*5 obras a escoller*)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

30 E TANTOS ÓSOS

a partir de textos e materiais de creación colectiva

Aporía Escénica

Pontevedra

Teté García

Merche Pérez

María Roja

Diana Mera

Diana Mera

dirección e dramaturxia

Diego Valeiras

espazo escénico e iluminación



| **Teatro Principal**



| **mércores 6 maio** 20.30

teatro / contemporáneo
galego 70'





30 e tantos ósos é unha viaxe de catro mulleres de trinta e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcacas prefabricadas, adoptando condutas alleas, deciden transcender a pel e a carne a través da figura mítica da Loba, para chegar aos seus ósos, á materia máis elemental, onde se inscribe a súa historia persoal e colectiva e se atopa, desterrado, o seu potencial máis vital e salvaxe. Aporía é unha compañía emerxente que busca explorar o universo da muller e atopar a súa propia linguaxe artística por medio da hibridación de tipoloxías escénicas que favorezan a potencia plástica dos corpos e os obxectos, empregando o xogo e o humor, sen esquecer a palabra e a poesía.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

entradas.abanca.com / 902434443

NÓS

creación colectiva inspirada en
A maquina de fazer espanhóis de Valter Hugo Mãe

Pele, espazo de contacto social e cultural

Grupo de Teatro de Surdos do Porto

Porto

Adélia Silva, Almia Moreira, Diana Silva, Eduardo Gonçalves,
Filipe Fernandes, Hugo Rafaelo, Ilda Martins, Margarida Prelada,
Joana Silveira, Margarida Carvalho, Maria Elisa Silva, Melissa Silva,
Nelson Rodrigues, Ricardo Cottin, Rosário Costa, Simão Luís,
Sofia Gomes, Sofia Quintas

João Pedro Correia

director

Filipe Fernandes

dirección musical

📍 | **Salón Teatro**

📅 | **venres 8 maio** 20.30

sábado 9 maio 20.30

teatro / contemporáneo / social
lingua xestual portuguesa e lingua portuguesa 60'

ESPECTÁCULO BILINGÜE:
LINGUA GESTUAL
PORTUGUESA
E LINGUA PORTUGUESA



"EU FIQUEI COM AQUELE DIA ATRAVESSADO NO PEITO" WALTER HUGO MÃE

nós

UMA CRIAÇÃO PELE PELO GRUPO DE TEATRO DE SURDOS DO PORTO

INSPIRADO NA OBRA LITERÁRIA DE WALTER HUGO MÃE, "A MAQUINA DE FAZER ESPANHÓIS"

**SALÓN TEATRO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

VENRES 8
SABADO 9 MAIO.
20.30 HORAS

PREZO: 10 €
BONO TEATRO GALEGO: 35 €
(5 OBRAS A ESCOLLER)



Nos silencios gardamos a memoria de NÓS mesmos. Cos xestos resgamos os NÓS que nos prenden no tempo e no espazo, enchendo os días de memorias vividas ou aínda por vivir... A Pele (espazo de contacto social e cultural) e a Asociación de Xordos do Porto, con desexo compartido de cimentar pontes de comunicación entre as comunidades xorda e oínte, vén establecendo un diálogo ao través do teatro, en canto a linguaxe universal... *Nós* é o cuarto proxecto teatral materializado dende 2008 a partir desta frutífera, comprometida e inspiradora colaboración.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e *Portugués*)

35 euros (5 obras a escoller)

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

DEMOLICIÓN

de **Cándido Pazó**

Talía Teatro

Santiago de Compostela

Artur Trillo

Toño Casais

Cándido Pazó *director*

Carlos Alonso *diseño escenografía*

Carlos Alonso e **Dani Trillo** *realización escenografía*

Dani Trillo *iluminación e diseño gráfico*

Rubén Prieto *fotografía e video*

Martina Cambeiro *vestiario e maquillaxe*

Auri Ferreiro *producción*

Diego Rey *axudante dirección*



Salón Teatro



xoves 14 maio 20.30

venres 15 maio 20.30

sábado 16 maio 20.30

domingo 17 maio 20.30

teatro / comedia
galego 80'





Unha situación, un conflito, personaxes e diálogo. Catro pés para o banco da comunicación teatral. Hai outros. Pero quixemos probar se chegaba con estes para que o banco se mantivese en pé. *Comidrama*. Xa que o concepto existe, outorguémoslle un nome. Un termo que exprese esa alquimia dramática entre o humor e a emoción, entre a dor e o pracer, entre o divertimento e a reflexión. A espera, un eco beckettiano que chega de lonxe. O fracaso colectivo reverberando metaforicamente. A fragilidade humana resoando no fondo do precipicio.



10 euros

5 euros (*domingo, día do espectador*)

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (*5 obras a escoller*)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

estrea absoluta

NO HAY TRABAJO PARA UN PAYASO VIEJO

de **Matei Visniec**

Cámara Negra Teatro
A Coruña

Niccolo | **Alfonso Hierro-Delgado**

Filipo | **Paco Luna**

Peppino | **Carlos Álvarez-Ossorio**

Carlos Álvarez-Ossorio *versión e dirección*
Francisco José Cuadrado *música e deseño son*
Manuel Colchero *iluminación*



Teatro Principal



venres 22 maio 20.30

sábado 23 maio 20.30

teatro / traxicomedia negra
español 75'





O fracaso, a humillación, a fame, a necesidade de sobrevivir, o lugar que ocupan na nosa sociedade os inútiles, os que xa non serven para nada, os que ninguén quere, os excluídos sociais... Todo isto aflora nesta traxicomedias negra e descarnada do autor romanés Matei Visniec, que nos serve de espello da nosa sociedade, e na que tres pallasos terán que pelexar por un posto de traballo, máis alá da amizade, a dignidade e a moral.



10 euros
BONO TEATRO GALEGO (e *Portugués*)
35 euros (5 obras a escoller)
entradas.abanca.com / 902434443
Teatro Principal
(18.00-21.00 h, de martes a sábado)

SAXO TENOR

de **Roberto Vidal Bolaño**

Teatro Nacional Dona Maria II

Lisboa

João Groso

José Neves

Manuel Coelho

Maria Amélia Matta

Lúcia Maria

Paula Mora

Bernardo Chatillon

Luis Geraldo

Jorge Albuquerque

Joana Cotrim

Lita Pedreira

Rita Figueiredo

José Martins *director*

Rui Francisco *escenografía e vestuario*

José Carlos Nascimento *iluminación*

José Martíns e Manuel Guede Oliva *traducción*



Teatro Principal



venres 29 maio 17.30

sábado 30 maio 20.30

teatro / drama / "desgraza"
portugués 135'

Roberto Vidal Bolaño

SAXO TENOR





Unha desgraza suburbana improbable entre loucos, gangsters, chulos e prostitutas: foi así que Roberto Vidal Bolaño subtitulou esta peza escrita en 1991. O compostelán Roberto Vidal Bolaño é un dos máis importantes dramaturgos, directores e actores galegos contemporáneos. En *Saxo tenor*, o autor –herdeiro lexítimo de Ramón María del Valle Inclán– propón un verdadeiro esperpento de final do século XX. Esta peza recibiu o Premio Álvaro Cunqueiro 1991 ao mellor texto teatral orixinal que agora chega á súa cidade da man da compañía nacional de teatro lisboeta Dona Maria II.



10 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

AMOR FLEXIBLE

de **Alex Sampayo, Borja F. Caamaño,**
Tamara Canosa, Avelino González
e **Araceli Gonda**

Redrum Teatro

Santiago de Compostela

Piluca | **Mela Casal**

Tristán | **Guillermo Carbajo**

Eva | **Tamara Canosa**

Redrum Teatro *escenografía e vestuario*

Carlos Álvarez-Ossorio *iluminación*

Akashic Record *música*

Alex Sampayo *dirección*



Salón Teatro



venres 5 xuño 21.00

sábado 6 xuño 21.00

teatro / comedia
galego 80'

**Guillermo
Carbajo**

**Mela
Casal**

**Tamara
Canosa**





Nesta vida todos queremos algo. Tristán quere a Eva. Eva quere os cartos de Tristán. Piluca viaxar a Cabo Verde co seu noivo Bembé... e para que todos consigan o que queren, os mozos teñen que casar antes de que Tristán descubra o segredo de Eva. Para isto as mulleres urdirán un divertido plan que poderá custarlle a vida ao rapaz. *Amor flexible* é unha comedia actual, cercana e amable, que profundiza nas relacións familiares e de parella dende a óptica que mellor se achega ao público, o humor.



10 euros / 5 euros

BONO TEATRO GALEGO (e Portugués)

35 euros (5 obras a escoller)

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

estrea absoluta

TÍTULO POR DETERMINAR

de **José Maria Vieira Mendes**

proxecto en proceso de creación

Proxecto Nós

Teatro Nacional Dona Maria II (Lisboa)

Teatro Nacional São João (Porto)

Centro Dramático Galego CDG

Axencia Galega das Industrias Culturais AGADIC

Escola Superior de Arte Dramático de Galicia ESAD (Vigo)

Escola Superior de Música e Artes Escénicas ESMAE (Porto)

Escola Superior de Teatro e Cinema ESTC (Lisboa)

Galicia/Portugal

elenco por determinar

3 alumnos de cada unha das escolas superiores:

Escola Superior de Arte Dramático de Galicia ESAD (Vigo)

Escola Superior de Música e Artes Escénicas ESMAE (Porto)



Escola Superior de Teatro e Cinema ESTC (Lisboa)

Pedro Penim

director

teatro

galego / portugués duración por determinar



Salón Teatro



mércoles 17 xuño 21.00

xoves 18 xuño 21.00

venres 19 xuño 21.00

sábado 20 xuño 21.00

domingo 21 xuño 18.00



O Centro Dramático Galego coordina a estrea absoluta no Salón Teatro dun proxecto organizado en colaboración coas compañías de teatro nacionais de Portugal (Dona Maria II de Lisboa e São João de Porto) no que os protagonistas serán os alumnos das tres escolas superiores de artes escénicas portuguesas e galega. Tres actores por escola (ESAD, ESMAE e ESTC) interpretarán un texto do dramaturgo portugués José Maria Vieira Mendes que se atopa en fase de creación e que será levado a escena polo seu compañeiro no colectivo Teatro Praga, o actor e director Pedro Penim.



10 euros / 5 euros *(domingo, día do espectador)*

BONO TEATRO GALEGO *(e Portugués)*

35 euros *(5 obras a escoller)*

entradas.abanca.com / 902434443

T. Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

Salón Teatro (días de representación,
2 horas antes da función)

Bono Teatro Galego

TEATRO PRINCIPAL / SALÓN TEATRO / ZONA C
xaneiro / xuño

5 obras a escoller ao longo do 2015

35 euros

Válido previo troco por unha localidade na billeteira do Teatro Principal en horario de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado, e os días de función no recinto correspondente a cada representación.

Cambio válido ata esgotar as localidades. A posesión do bono non garante reserva de localidade.

Excepcionalmente algunha obra pode ter un suplemento. Consultar a programación e condicións específicas por función.

Desconto non acumulable con outras ofertas.

Este programa está suxeito a posibles cambios e cancelacións; prégase consultar a carteleira diaria e www.compostelacapitalcultural.org. O cambio ou cancelación dun espectáculo non suporá a devolución do importe (total ou parcial) do prezo do bono.

www.compostelacapitalcultural.org

5 4 3 2 1

bono
5 obras
a escoller
35€*

TEATRO GALEGO 2015
e portugués

TEATRO PRINCIPAL / SALÓN TEATRO / ZONA C
www.compostelacapitalcultural.org

Consultar programación e condicións específicas por función.
Válido previo canxexo na billeteira do T. Principal [18.00-21.00 h,
de martes a sábado] e os días de función no recinto correspondente
*excepcionalmente algunha obra pode ter un suplemento

AGADIC
XUNTA DE GALICIA

2015 XANEIRO / XUÑO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO PRINCIPAL / SALÓN TEATRO / ZONA C

TEATRO 2015 GALEGO *e portuguê*s

